

ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN

O Pleno da Corporación do Concello de Carballo, en Sesión Ordinaria do luns 30 de xullo de 2018, aprobou o seguinte ACORDO:

2.- Declaración institucional sobre o respecto e a decisión das mulleres.

O Concello de Carballo quere asumir o texto da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) no que se realiza a declaración institucional sobre a postura dos concellos galegos ante a sentenza ditada pola Audiencia Provincial de Navarra no caso de "La Manada" que condena a nove anos de cárcere por un delito de abuso sexual continuado aos cinco homes que mantiveron relacións sexuais en grupo cunha muller nas festas do San Fermín en Pamplona do ano pasado.

Sabemos que estamos ante un caso que leva desatado unha gran axitación política, social e nos medios de comunicación. Desde o noso concello e a Fegamp queremos manifestar a nosa postura de rexeitamento nunha sociedade que ensine ás mulleres a evitar violacións en vez de educar aos homes para non ser violadores. Tamén solicitamos que se condene a actitude de personaxes como os integrantes de "La Manada", que tras cometer unha agresión sexual en grupo, se vanglorian dos seus actos nas Redes Sociais. Consideramos inaceptable calquera actitude machista ou calquera feito que supoña o exercicio da violencia sobre unha muller polo simple feito de ser muller, e pensamos que a sociedade ten que rexeitar de forma expresa estas condutas e ás persoas que as exercen.

Consideramos importante e urxente que as institucións se unan á sociedade na protesta contra a violencia exercida cara á muller e tamén pola oportunidade real de avanzar contra a violencia exercida cara as mulleres, queremos instar ao goberno central a realizar os cambios legislativos necesarios para impedir que circunstancias de estas características podan producirse sen a condena adecuada ao delito cometido.

En Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.